

# Ortigueira



## O BNG, alternativa de goberno para Ortigueira

### A Ortigueira que merecemos en 5 ideas resumidas

A Ortigueira que queremos e merecemos

#### **1.- Merecemos un Concello transparente e aberto que permita e fomente a participación da veciñanza**

Queremos que Ortigueira sexa un concello do que poidamos participar todas @s veciñ@s. Habilitaranse maneiras de participación para que @s veciñ@s poidan decidir en que e como xestionar algunha partida orzamentaria e facer que o concello informe das actividades e cuestións de relevancia para a cidadanía.

#### **2.- Merecemos que Ortigueira dispoña de servizos para tod@s.**

Deben atenderse as demandas básicas que nos permitan traballar e vivir en Ortigueira. É preciso que o concello dea resposta á atención das persoas maiores mellorando a atención a domicilio e creando un servizo de atención á soidade. Ofertar actividades físico deportivas para todas as idades.

#### **3.- Merecemos contar con oportunidades económicas para construír proxectos de vida no noso Concello.**

O concello debe impulsar e ser motor de oportunidades económicas, poñer en valor a agricultura ecolóxica e gandaría locais. Crear un plan de dinamización do comercio local. Terase en conta o noso sector primario como medio de subsistencia e creación de emprego, promovendo o cooperativismo.

#### **4.- Merecemos recuperar o noso patrimonio herdado e construído. Mirémolo como unha oportunidade.**

Queremos recuperar o patrimonio construído e rehabilitalo para dispoñer de vivenda e como creador de emprego local. O concello tamén debe dar a coñecer o patrimonio cultural a través do Festival de Ortigueira, eventos culturais, deportivos e etnográficos apoiándose e traballando en colaboración coas asociacións.

#### **5.- Merecemos unha Ortigueira que coide o seu patrimonio natural e paisaxístico.**

Queremos un turismo sostíbel e desestacionado apoiado no proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal. Poñendo en valor o espazo natural da Ría, ríos e montes. Cunha oposición frontal á instalación de macroeólicos e eólica mariña tal e como está formulada; por ser un modelo depredador que devaluará a nosa comarca.

## O BNG ten proxecto para gobernar

No BNG de Ortigueira traballamos para que o noso concello teña futuro. Temos claro que este se constrúe desde o presente, con vontade, dedicación e unha dirección que marque o rumbo adecuado.

Sabemos que o país se constrúe desde os concellos, unidades esenciais na procura da mellora da calidade de vida da veciñanza; e en Ortigueira hai

**moito que facer**, tanto no que atinxe ao desenvolvemento económico, apoiando o que hai e favorecendo a creación de novos nichos de emprego, como na mellora dos servizos, pasando polo incremento da oferta cultural e de lecer e sentando as bases para que o aumento da poboación sexa unha realidade e poidamos medrar como concello.

O BNG ten proxecto para Ortigueira, **ten unha equipa de persoas capaces lideradas por Marco Schaal Orizales, "Schaal"**, e tamén motivadas ante o reto de gobernar o noso municipio. **O BNG traballará sen tregua para facer de Ortigueira un concello atractivo para vivir e traballar.**



## O BNG volve á corporación municipal

Bo día veciñas e veciños, Felicitar desde o BNG de Ortigueira a D. Valentín Calvín Fondevila polo seu nomeamento como novo alcalde de Ortigueira.

Por outra banda, agradecer o apoio a toda a veciñanza que depositou en nós a súa confianza e coa cal, o nacionalismo galego recupera voz e voto na corporación municipal de Ortigueira.

Tamén quero agradecer ás persoas que conformaron a candidatura do BNG comigo, aos militantes e aos simpatizantes polo inmenso traballo realizado ao longo destes últimos meses, sen vós, tampouco sería posíbel que hoxe estivésemos aquí.

Hoxe comeza unha nova lexislatura e a partir de xa é o momento de cumprir co que dixemos ao longo das dúas semanas da nosa campaña e que fomos explicando nos nosos encontros coa veciñanza. Ortigueira decidiu que estivésemos na oposición, e aí estaremos. O noso traballo será controlar e fiscalizar ao equipo de goberno, desenvolver unha oposición leal, capaz de dialogar e de chegar a acordos para o noso concello. Unha oposición construtiva mirando polo ben común.

Tamén traeremos propostas que partirán das diferentes reunións que manteremos nas parroquias ao longo de toda esta lexislatura e que dean resposta ás necesidades e inquiredanzas da nosa veciñanza.

Moitas grazas.



## Eólica si, pero non así!

**NIN ESPOLIO,  
NIN DEPREDACIÓN**



**bng**

Energía eólica  
sustentábel,  
xusta e galega!

Nunha reunión mantida entre os portavoces, os cinco partidos municipais mostraron a súa posición favorábel a presentar unha declaración institucional presentada polo BNG de Ortigueira.

Na mesma reunión, o noso portavoz, Marco Schaal, insistiu na necesidade de presentar de forma urxente un recurso de alzada, de poñer á disposición da veciñanza os proxectos P.E. Barqueiro e P.E. Badulaque, expoñendo de forma pública as parcelas afectadas para que os donos e/ou donas poidan identificalas e poder presentar as alegacións.

Asimesmo, pediu un punto de información e apoio xurídico para a veciñanza para elaborar e presentar as alegacións.

Por último, tamén se comentou a posibilidade de falar cos demais concellos afectados para levar a acabo accións comúns.

## Trasladamos á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego os contínuos verquidos no Río Mera e Río Baleo

Durante o pasado mes de abril os veciños e veciñas de diferentes zonas de Ortigueira polas que pasan os ríos Mera e Baleo denunciaron o mal estado das súas augas e en algún caso mesmo mal olor.

Dase a circunstancia de estarmos a falar de lugares que fan parte da Rede Natura 2000 no caso do río Mera, e de lugares que estiveron propostos para a súa ampliación, como é o caso do río Baleo, cando o goberno galego atendendo aos requirimentos da UE traballaba para a ampliación desta Rede.



É dicir, estamos a falar de espazos naturais de grande valor e que deberan gozar dun grao de protección moi superior ao que actualmente teñen. Feitos como estes vertidos e a súa reiteración, proban esta desprotección, que ademais ten a agravante de ser susceptible de afectar á biodiversidade e á produción marisqueira da Ría de Ortigueira-Ladrido, actualmente en niveis de produción xa historicamente baixos.

Os veciños e veciñas non dubidan en sinalar o polígono industrial das Somozas no caso do mal estado das augas do río Mera, e á canteira do lugar de Lombao no Concello de Ortigueira no caso do río Baleo.

Desde o BNG entendemos que a Xunta de Galiza, que ostenta en exclusiva as competencias tanto en protección do medio ambiente, e nomeadamente no control das augas, como en todo o relacionado coa produción marisqueira, debería exercelas con moita máis dilixencia, a comezar por determinar cal é a causa real destes vertidos e despois actuar para que non se volvan repetir.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 2ª:

***“O Parlamento insta á Xunta de Galiza unha investigación exhaustiva para determinar a orixe da contaminación dos ríos Mera e Baleo, e tomar as medidas necesarias para que non se repitan”***



### Canle informativa e aberta do BNG de Ortigueira en Telegram

Tes telegram? Tes a información do BNG na túa man!

O BNG de Ortigueira abre unha nova canle de comunicación para informar á veciñanza de todo o que fai e propón a nosa organización a nivel local.

Esta é a nosa canle aberta:

<https://t.me/informacionBNGortigueira>

Telegram do BNG nacional:

<https://t.me/bloquenacionalistagalego>

# Candidatura do BNG de Ortigueira 2023



👤 El é Marco Schaal Orizales, ten 39 anos e de Espasante. Encabezou a candidatura do BNG en Ortigueira para as eleccións municipais do 28 de maio. Actual Portavoz Municipal.

👩🏫🚲 Mestre de Educación Primaria e Técnico Superior en actividades físicas e animación deportiva.

👉 Schaal e a súa equipa ofrécenlle á veciñanza de Ortigueira unha alternativa real, participativa e activa para reactivar o Concello de Ortigueira e mudar o actual rumbo.



👤 Ela é Estefanía Pérez Yáñez, de Ortigueira. Fani estréase politicamente e vai ser a nosa número 2. Chega con forza e ilusión por e para cambiar o rumbo de Ortigueira.

👩🏫👩🏻 Fani é mestra de Educación Primaria na especialidade de Música, intérprete de lingua de signos e gaiteira na Escola de Gaitas.

🌍 Tras catorce anos fóra estudando e traballando, cando puido elixir destino tívoo claro: Ortigueira. Voltar ao lugar onde medrou e no que quere construír o seu futuro.



👤 El é Manuel Riveira Carballo, vive entre Ladrido e Ortigueira e ten 21 anos. Estréase na política activa e virá con nós aportando xuventude, motivación e ilusión.

🎵🎓 Posúe o Grao Profesional de Gaita e actualmente cursa os Estudos Superiores de Instrumentos da Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior de Vigo.

📝📊 Traballará para poñer en valor a cultura e o patrimonio do Concello. Ten o compromiso de representar e dar voz á xuventude ortegana.



👤 El é Ramón Meijido Canto, 38 anos e de San Adrián. Mon, que leva anos con inquedanzas políticas dá un paso adiante e únese con ganas e ilusión para mudar o rumbo do noso Concello.

👩🏻📞 Técnico en Telecomunicacións.

🏠📖 Desde BNG apostamos por documentar e achegar a todos e a todas a historia e o patrimonio do noso concello.



👤 Ela é María Teresa Fojo Díaz, 58 anos e de San Claudio, actualmente tamén de Espasante. Maite é unha "histórica" do BNG e loitadora incansábel dos Servizos Sociais.

📝🏥 Administrativa do SERGAS no PAC Ortegal-Cariño.

👩🏻🍀 A defensa da sanidade e dos servizos sociais é un pilar fundamental do BNG.



👤 El é Daniel Polo Martínez, 25 anos e de Cuiña. Dani incorporouse ao BNG fai uns anos e desta volta deu o paso para ir na nosa candidatura.

👩🏻📖 Ten o Grao en Ciencias Políticas e da Administración, ademais dun Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política.

🏋️📝 Vén con ganas de construír unha nova maioría.

# Candidatura do BNG de Ortigueira 2023



👤 Ela é Esther Garcinuño Martín, de Ortigueira. Esther repite na candidatura do BNG por compartir a defensa e mellora dos Servizos Sociais.

📄 Foi administrativa no IES Ortigueira e agora goza da súa xubilación.

🏠🏛️ Ortigueira merece un Concello que escoite e apoie a todas as asociacións e que resolva os seus problemas.



👤 Ignacio Villar Garrote, 46 anos. Exemplo de loita, de traballador e estar sempre disposto a botar unha man. Transmite enerxía e ilusión, cre no proxecto do BNG de Ortigueira.

🐟🔧 Técnico Especialista en Explotacións Agropecuarias. Traballa de mariñeiro.

🏠🏛️ Precisamos obras pequenas e manter as instalacións que xa temos e non máis obras faraónicas.



👤 Ela é Manuela Rubido Martínez, de Espasante. Manoli, muller comprometida volve porque cre no proxecto que está construíndo o BNG.

👩🏠 Traballou máis de 20 anos na Residencia de Anciáns de Ortigueira como xerocultora.

🏠🐾 A defensa dos servizos sociais e a protección dos animais serán obxectivos fundamentais do BNG.



👤 El é Eduardo Martínez Díaz, de Ortigueira. Volve a unha candidatura do BNG local con ilusión polo cambio que vén.

🔧💡 Foi técnico electricista e agora goza da xubilación.

🌱⭐ Ortigueira merece un goberno local á altura dos retos do futuro, moderno e que traballe con honestidade e esforzo pola veciñanza e iso é o BNG de Ortigueira.



👤 Ela é María Beceiro Gómez, 41 anos. Muller comprometida co BNG e con Ortigueira.

🧹🗑️ Traballadora da limpeza.

📊 Ortigueira merece un cambio e ese cambio está no BNG.



👤 Ela é María Jesús Martínez Fustes, 54 anos e de Cuíña. Muller comprometida coa lingua e a defensa do ensino público.

👩🏫 Profesora de ensino secundario. É licenciada en galego e portugués.

📄 Recuperar o idioma desde a base é un dos obxectivos deste proxecto.

# Candidatura do BNG de Ortigueira 2023

UNHA  
NOVA GALIZA  
CONCELLO  
A CONCELLO



bng

JUAN VICENTE SOTO RAMOS  
Número 13  
ORTIGUEIRA

👤 El é Juan Soto, 63 anos e de Espasante. Juan volve á política por acreditar no proxecto e polas persoas que conformamos esta candidatura ilusionante e de futuro.

🔧 É Técnico Especialista en Mecánica de Automoción. Traballa na empresa familiar Supermercados Soto en Espasante.

🏠 Dignificar a vida no rural e dinamizar as parroquias é un dos obxectivos BNG.

UNHA  
NOVA GALIZA  
CONCELLO  
A CONCELLO



bng

CARLOS E. RODRÍGUEZ LEGARRETA  
Número 14  
ORTIGUEIRA

👤 El é Carlos Rodríguez Legarreta, 51 anos e de Ortigueira. Lega foi concelleiro do BNG, persoa comprometida con Ortigueira e aportará experiencia a este proxecto.

🚴 Professor de Educación Física e licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Sempre apoiou ás asociacións, equipos e deportistas locais desinteresadamente.

👊 A candidatura do BNG é unha candidatura comprometida e con habilidades complementarias, capaces de lograr os cambios que merece Ortigueira.

UNHA  
NOVA GALIZA  
CONCELLO  
A CONCELLO



bng

ANDRÉS JOSÉ CORNIDE ALBO  
Número 15  
ORTIGUEIRA

👤 El é Andrés Cornide Albo, 61 anos e de San Claudio, aínda que actualmente vive en Espasante. Aporta experiencia e coñecemento no traballo municipal.

📄 Carteiro de profesión.

♻️ Andrés é un dos "Históricos" do BNG que acompaña a esta candidatura nova e ilusionada. Participa do proxecto BNG desde a década dos '80.

💪 Ortigueira merece máis! Saímos con forza, ilusión e Ortigueira e Galiza no corazón.

UNHA  
NOVA GALIZA  
CONCELLO  
A CONCELLO



bng

LUCÍA PICOS RUBIDO  
Número 16  
ORTIGUEIRA

👤 Ela é Lucía Picos Rubido. Estréase na política local e nós contentos que decidese sumarse ao noso proxecto.

🌿 Lucía é licenciada en Ciencias do Mar e ten un Posgrao en Xestión Empresarial. Traballa como consultora Medioambiental e Sustentabilidade.

👉 Só o BNG pode garantir o desenvolvemento sustentábel de Ortigueira.



## 361 GRAZAS! 384 GRAZAS!

Nun dos concellos con máis fragmentación política da Galiza o BNG de Ortigueira obtivo 361 votos (+107). Esta dinámica ascendente trasladouse tamén ás eleccións xerais de xulo,, onde o BNG obtivo 384 votos (+84). En ambos casos, son os mellores resultados en máis de 15 anos!

### Grazas Ortigueira!

## Pleno para a aprobación do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico celebrado o 11 de xullo de 2023.

Neste pleno presentáronse 12 concelleiros dos 13 que foron elixidos o pasado 28 de maio de 2023

Na orde do día estaba prevista a renuncia por incompatibilidade dunha concelleira do grupo municipal do PSOE. Polo tanto, as votacións poderían estar alteradas (Goberno PP-XA 6 fronte aos 5 da oposición) e a concelleira de Primeiro Ortigueira pediu que os temas referidos a remuneracións e indemnizacións se realizasen no seguinte pleno, unha vez presentes os 13 concelleiros e concelleiras. Esta proposta foi rexeitada cos votos do grupo de goberno de PP-XT.



Un dos primeiros puntos a tratar era a celebración dos plenos municipais. Estes, celebraranse na última semana dos meses impares ás 20:00h. Punto aprobado por unanimidade. A **proposta do BNG** foi que se celebren os venres para favorecer a asistencia e participación e que **se inclúa** nos plenos a posibilidade de **participación da veciñanza e/ou das asociacións**, que poidan participar e preguntar ao final das sesións, tal e como se recolle na Lei que regula o funcionamento das entidades locais.

En canto ás **remuneracións**, saíu adiante a aprobación de dúas dedicacións parciais do 40% de dedicación (14h) e unha persoa como asesora-secretaria persoal do Alcalde. **A nosa postura**, seguindo o que levabamos no noso programa, era a **redución de gastos** na corporación municipal. Co presentado, a redución é mínima, polo tanto, optouse por votar en contra. Con todo, consideramos que hai que dignificar o traballo político e que non se cobra só polas horas adicadas, senón tamén pola responsabilidade que conleva ocupar ese posto. En definitiva, propuxemos unha redución no coste destas dedicacións (perto dos 30.000€ as dúas máis a asesora-secretaria).

**Indemnizacións por asistencia aos plenos.** De novo, observamos como, en vez de reducir os gastos ou mantelos, decídese por 6 votos a favor de PP e XaT que os plenos (en meses impares) sexan 150€, as comisións (en meses impares) 100€ e as xuntas de goberno (1 semanal) 100€. Inclúese a creación dunha xunta de portavoces, bimensual e 100€ por cada unha. Consideramos que as cantidades, a final de mes e ano, son esaxeradas e **pedimos que se reduzan**. Alén diso, no caso de haber 4 sesións de xunta de goberno, por coherencia co que propoñían, transparencia e información á oposición faise necesaria e urxente a creación da Xunta de Portavoces. O noso voto foi en contra da proposta e pedimos reducir as indemnizacións.

O punto 7, **delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local (XGL)**, saíu adiante grazas aos votos a favor de PP-XA (6). Isto significa que en 2023 votaron a favor de algo que levaban votando en contra noutras ocasións, que non é outra cousa que quitarlle competencias ao pleno para darlla á XGL e que a oposición (en maioría: BNG 1, PSOE 4, PO 2) non ten voto sobre decisións de certa relevancia para o noso municipio.

**Creación dos grupos Municipais e participación nas comisións.** O BNG pasa ao grupo mixto por non obter os 2 escanos que lle darían a posibilidade para constituírse como grupo municipal independente. Créanse dúas comisións nas que haberá 3 representantes do PP, 2 do PSOE, 1 de PO e un do Grupo Mixto, formado polo BNG e XA. No grupo mixto sae como voceiro o portavoz do BNG, Marco Schaal, e como suplente, a portavoz de XA. Nas comisións, os turnos serán rotatorios entre ambas formacións, podendo estar presentes en todas elas, tendo voz amgos e voto un deles.

Sobre a persoa **asesora-secretaria para o Alcalde** a nosa postura podería ser favorábel, entendendo que teña a alguén que o asesore para unha persoa que entra como novata na alcaldía. Mais, analizando as funcións que se lle outorgan, entendemos que non a podemos aceptar, xa que son funcións dunha secretaría persoal nas que se inclúen atención telefónica, axenda institucional ou atención de oficina á cidadanía, entre outras.

## Entrevista coa portavoz nacional do BNG, Ana Pontón:

“A política municipal do BNG é referencia de prestixio, de transformación e de traballo ben feito”



### HAI QUE POÑER A VIDA DAS PERSOAS NO CENTRO

Unha nova Galiza é unha Galiza viva,  
xusta e forte, que cree emprego e ofrezca futuro

Pois con máis forza e máis convencemento aínda que no mes de marzo da necesidade de poñer en marcha un cambio político desde nós, para construír a Galiza pos-COVID19. A nova Galiza ten que ser unha Galiza viva, xusta, forte e con futuro, e pode selo se poñemos en marcha as políticas axeitadas. Nestas eleccións hai unha escolla clara: ou catro anos máis de decadencia, recortes sociais e submisión a Madrid ou poñer en marcha un cambio galego.

Si, vaino ser. Foi irresponsábel convocar eleccións sen que se dean todas as garantías sanitarias e democráticas. Feijóo sabe que non se dan, pero convócaas igualmente por interese e cálculo electoral. Leva tres meses de campaña electoral na TVG, facendo un uso partidista e carroñeiro dela. No BNG imos estar á altura, imos facer unha campaña segura e responsábel, e centrada nunha idea: a reactivación económica e social de Galiza. Esa vai ser a nosa prioridade: a economía, o emprego e a cohesión social.

Si, iso é. En poñer en marcha un cambio profundo de políticas. Un cambio solvente, sólido, porque a xente necesita confianza e seguridade neste escenario.

.....  
**A nosa prioridade:  
a economía, o  
emprego e a  
cohesión social**

CONTACTA  
CO BNG



[ortigueira@bng.gal](mailto:ortigueira@bng.gal)



[@bng\\_ortigueira](https://www.instagram.com/bng_ortigueira)



[t.me/informacionBNGortigueira](https://t.me/informacionBNGortigueira)



[bng.ortigueira](https://www.facebook.com/bng.ortigueira)